

Lois Pereiro

Breve encontro

un achegamento comiqueiro á biografía e á obra do poeta

Jacobo Fernández Serrano

Lois Pereiro

Breve encontro

un achegamento comiqueiro á biografía e á obra do poeta

Jacobo Fernández Serrano

XUNTA DE GALICIA XERAIS

Vigo
2011

Nota do autor:

Eu non o tratei en vida. Admiro a súa obra.
Lin e escoitei falar del. Imaxineino e debuxei
as miñas visións.

Moitas grazas aos que me axudaron. Principalmente
Marcos Calveiro e Iago Martínez. Grazas a Xosé Manuel
Pereiro e Piedad Cabo. Grazas a Manuel Bragado
e a Fran Alonso.

María Alcañiz Lorenzo tamén é autora deste libro,
pero non quere saír.

Jacobo, maio 2011

“Declaro que unha fermosa mañá, xa non sei exactamente a que hora, como me veu en gana dar un paseo, plantei o sombreiro na cabeza, abandonei o cuarto dos escritos ou os espíritos, e baixei a escaleira para saír a bo paso á rúa.”

Robert Walser, *O paseo*


“Sobrevoabas un día o meu espacio aéreo
rozándome coas plumas levemente
e desaparecías cun rumor minguante
como a visión dun soño
fracasado.”

Lois Pereiro, “(Breve encontro)”

1. Lois Pereiro (1958-1996)



1958



1964



1968



1972



1975



1980



1981



1983



1986



1988



1994



1996



6. Narcisismo


“A noite é necesaria
pra que ti poidas ver
sobre o medo e o mal
as estrelas arder.”

Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*

LOIS FOI PORENDOSE MELLOR DE SAÚDE, AS DORES DO PRINCIPIO FORAN REMITINDO, PERO A ENFERMIDADE ESTARIA AI XA PARA O RESTO DA VIDA, E AS SÚAS SEQUELAS. FÍSICAMENTE O SEU CAMBIO FORA BRUTAL.




PIEDAD MARCHOU VIVIR A SANTIAGO, XOSÉ MANUEL VIVÍA NA CORUÑA. LOIS SEGUIA EN MONFORTE COA FAMILIA E OS VELLAS AMIGOS QUE AINDA ANDABAN POR ALÍ. ESCRIBÍA MOITO, REVISANDO E CORRIXINDO TEXTOS, CONTINUANDO TAMÉN A NOVELA QUE EMPEZARA EN MADRID (NALFRAGOS DO PARADISO). EN 1982 MUDOUSE A CASA DO SEU IRMÁN.




EN 1982, LOIS GARIOU O PREMIO LITERARIO DA ASOCIACION CULTURAL O FACHO CO POEMA "ATROCITY EXHIBITION". E, NO Nº 3 REVISTA DORNA, PUBLICA O SEU POEMA "DANDY".

EN 1983, VOLVE VIAJAR CO INTERRAIL, ESTA VEZ CON PIEDAD E FERNANDO SACO. O DESTINO PRINCIPAL ERA BERLIN, PASANDO POR BARCELONA, XENEBRA, VIENA, SALZBURGO, MUNIC, COLONIA E DÜSSELDORF. EN VIENA COINCIDIULLES A VISITA DO PAPA. ALI PERCORRERON OS CAFÉS HISTORICAMENTE FRECUENTADOS POLOS SEUS ESCRITORES FAVORITOS. EN SALZBURGO SEGUIRON AS PEGADAS DE THOMAS BERNHARD. EN BERLIN ESTIVERON MAIS TEMPO. IMPRESIONOU LLES O MURO E O MOVEMENTO PUNK, MAIS FORTE QUE O QUE TINAN VISTO EN ESPAÑA. TAMÉN FORON A ALGÚN CONCERTO, COMO AO DE KILLING JOKE. FARTARONSE DE BAILAR POGO E BEBER CERVEXA.



NA CORUIA, LOIS UNISE AO COLECTIVO POÉTICO DE AMOR E DESAMOR. O GRUPO NON TIRIA OUTRA INTENCIÓN MÁIS QUE RELINIRSE PARA RECITAR E PUBLICAR OS SEUS POEMAS.



EDICIÓNS DO CASTRO PUBLICA DÚAS ANTOLOXIAS DELES. A PRIMEIRA EN 1984, CON 13 POEMAS DE LOIS. NA SEGUNDA ANTOLOXIA, EN 1985, LOIS PARTICIPA CON 8 POEMAS. ANOS DESPOIS, APARECERÍAN PUBLICADOS NO SEU PRIMEIRO LIBRO, **POEMAS 1981-1991**. ENTRE ELES, "ÉTER", "CARTOGRAFÍA" E "NIVEL".

Éter

A lus caíu da fiestra
co enorme mar de plumas da alborada
para anunciar que todo amor é inútil
mentres pinga con ritmo salvaxe
a cortina xeadada do teu odio.






Cartografía

Cal morto xa
ou vencido
falo sen min
e durmo
no desastre


Debera ser posible
facer mapas do odio
e os húmidos monólogos
das cisternas
de noite
descifrar

Nivel

A media altura cables en vangarda
entrecruzando o aire encrucilladas
perspectivas anónimas sen sombra
nivel de fume e fluxos do deforme
un suburbio de aceiro e quilowatios
coa estatura das terras procreadas.




UN DOS POEMAS DE LOIS PUBLICADO NA ANTOLOXIA **DE AMOR E DESAMOR**, "NARCISISMO", ACABARÍA SENDO UN DOS TEMAS MAIS FAMOSOS DE RADIO OCEANO, O GRUPO DE ROCK FORMADO POLO SEU IRMÁN XOSE MANUEL E O XORNALISTA SANTIAGO ROMERO EN 1981. ACADARIAN CERTA SONA DENTRO E FÓRA DE GALICIA. O GRUPO DISOLVEUSE EN 1987.




Narcisismo

Sigo os pasos do sangue no meu corpo
e coa unlla do meu dedo máis firme
abro un sulco vermello en media lúa
na vea que me acolle tan azul




EN 1984, NO MESMO ANO QUE SE PUBLICA A PRIMEIRA ANTOLOXIA DE DE AMOR E DESAMOR, NACE A REVISTA **LA NAVAL**, DIRIXIDA POR SUSO IGLESIAS. COLABORAN NELA OS XORNALISTAS SANTIAGO ROMERO, JOSÉ ÁNGEL GONZALEZ E O VIDEOCREADOR PGBLLAS, ADEMAIS DE XOSÉ MANUEL E LOIS. NESTA REVISTA LOIS COMEZA A ESCRIBIR POR PRIMEIRA VEZ ARTIGOS E CRITICAS LITERARIAS. FALA DE RADIO OCÉANO, OS POETAS MALDITOS DO XIX, E DE AUTORES QUE SEMPRE FORON PRÓXIMOS A EL COMO POR EXEMPLO...




* DE "THOMAS BERNHARD, O MOVIL DO SUICIDIO", NO Nº 0 DE LA NAVAL, 1985.


EN XULLO DE 1985 COMEZA A EMITIR A TVG. LOIS EMPEZA A TRABALLAR COMO TRADUTOR DE SERIES (KUNG-FU, O ESPANTALLO E A SEÑORA KING, DALLAS...). EN ÉPOCAS DE POUCO CHOIO TAMÉN DOBRA PELIS PORNO.



PIEDAD, QUE SEGUE EN SANTIAGO, TRABALLA NA TELE COMO XORNALISTA. NA CORUÑA LOIS ESCRIBE, POUCO A POUCO, RETOCANDO E REESCRIBINDO CADA POEMA E AVANZANDO LENTAMENTE NA SÚA NOVELA NAUFRAGOS DO PARADISO, QUE EMPEZARA ANOS ATRAS.



NO VERÁN DE 1986 CELEBRÁRASE NA UNIVERSIDADE MENÉNDEZ PIDAL DE SANTANDER AS XORNADAS "GALICIA: CHOVE SOBRE MOLLADO". LOIS PARTICIPA, CUN GRUPO DE ARTISTAS E INTELCTUAIS GALEGOS, NO DESEMBARCO DAS FORZAS ATROCES DO NOROESTE NO PAZO DA MAGDALENA. O PRATO FORTE DO PROGRAMA FOI O DEBATE: "ENTRE DOS AGUAS: ATLÁNTICO FRENTE A MEDITERRÁNEO". A PARTE MEDITERRÁNEA VIÑA DEFENDIDA POR LUIS RACIONERO, J. MANUEL COSTA E ANTONIO COLINAS.



LOIS, FERMIN BOUZA E JUAN CUETO ERAN OS ENCARGADOS DE DEFENDER A CULTURA ATLÁNTICA.



A XENTE AINDA LEMBRA ADMIRADA A INTERVENCIÓN DE LOIS, E COMO DESCRIBIU O ESPÍRITO ATLÁNTICO COA FERMOUSA METAFORA DUNHA PINGÜINA DE AUGA.



Corazonada

Intermedio

VOULLES PRESENTAR A LOIS. LOIS É UN HOME DE 31 ANOS QUE NACEU EN MONFORTE DE LEMOS*




É UN POETA INEDITO, EN TANTO EN CANTO EL AINDA NON PUBLICOU NINGUN LIBRO PROPIO. PERO XA FIGUROU EN VARIAS ANTOLOXIAS DE POESIA.



LOIS, BOAS NOITES.

BOAS NOITES.



MOITOS DOS POETAS QUE TI ADMIRAS, OU QUE TI SEGUIES, UTILIZARON AS DROGAS PARA A SÚA CREATIVIDADE. PENSAS TI QUE A DROGA É UNHA FORMA DE SOIDADE?



SI, NORMALMENTE SI, AINDA QUE PARA A NOSA XENERACION SUIXO UNHA PERSPECTIVA VITAL.



E NÓS, OS QUE TEMOS ENTRE 25, 30, 31 ANOS, VIMONOS UN POLCO A CABALO ENTRE VARIAS REVOLUCIÓNS: A REVOLUCIÓN POLITICA, A REVOLUCIÓN SEXUAL E A REVOLUCIÓN DA CONTRACULTURA, A DAS DROGAS...



...ENTÓN SAIMOS, AO FINAL, UN POLCO QUEIMADOS DE TODO ISO. E LINS SAIRON DUNHA MANEIRA E OUTROS SAIRON DOUTRA.






NA SEMANA SANTA DE 1990 CAMBIA O TREN POLO COCHE E VIAXA A FRANCIA, BRETANA E NORMANDIA COA SÚA IRMÁ E PEPA (MARIA XOSÉ VEGA BUJAN, LINHA AMIGA DE SEMPRE). O ANO SEGUINTE, POLAS MESMAS DATAS E COA MESMA COMPANIA, VIAXA A BÉLXICA, ÁMSTERDAM E ALEMANYA.

ESE ANO ESCRIBE PARA UN PROGRAMA DA TVG O GUIÓN **QUE É GALICIA?**





EN BRUXELAS VISITAN O MUSEO DA BANDA DESENADA (CENTRE BELGE DE LA BANDE DESINÉE), NO QUE SE RENDE ESPECIAL HOMENAXE A TINTIN. ALÍ, O TINTINÓFILO DE LOIS PASOULO EN GRANDE.



QUE É GALICIA?

GUIÓN DE TELEVISIÓN EMITIDO POLA TVG O 25 DE XUÑO DE 1988





GALICIA... DATA
RUN...

A AUGA. AR.
A AMNESIA DO VENCIDO, A ATRACCIÓN DO ABISMO,
A ARBRE ó PÉ DA ARBRE, E A LEDICIA DO ESPACIO CIRCUNDANTE.
O ATLÁNTICO É A ALMA E O ACANTILADO O CORPO DA SÚA
CHAMADA ATROZ.

B BARROCO:
A BELEZA COTIA
FEITA MATERIA
EN PEDRA Á BEIRA
DO BOSQUE
OMNIPRESENTE.

C CALMA.
CASTELAO,
CURROS, CUNQUEIRO,
CULTURA, CELEBRACIÓN
E CULPA: UNHA CONCIENCIA
CÉLTICA DO COSMOS.

D DIFÍCIL É
DEFINIR ESA
DOR, DOBREGA-LO
DESTINO, E FACER
QUE O DESEÑO SIGA
SENDO ÚTIL.
(DILUVIA)

E ESPIRAL NO
ESPACIO ESFÉRICO.
EMIGRACION: O ESTÍMULO
DO NOSO EXILIO INTERIOR QUE NOS
LEVA POLO LESTE CARA A EUROPA,
POLO MAR CARA Ó ÉXITO E A
ENFERMIDADE, E SEMPRE
Ó ETERNO ESTRANAMENTO
DO ESPÍRITO.

F FOGAR.
FANTASIA.
FÁBRICAS, FEVRE,
E AS FORMAS DO
FUTURO, FIGURAS
DO PASADO.
O FENÓMENO
ATMOSFÉRICO DA
FELICIDADE, E
TODAS FESTAS
DO MARÁ...

G GRÁFICAS
DO GRANITO,
AUGA E SILENZO,
ONDE TRANSBORDA
A ALMA DE GULFSTREAM.
O XEMIDO DAS GAITAS,
E NO CARACTER ESA
AMABLE PRESENCIA
DA GRAXA.

H HISTORIA:
HERBICIDA O OLVIDO.
A HUMIDADE, O "HORROR VACUÍ", E A
HUMILDADE IMPIDENNOS CONVERTI-LA HISTORIA
EN HEROÍSMO. A NOSA HERDANZA ADESTRADA
NA FLUXIDA, COA SABEDORIA DAS VELLAS
FERIDAS, VENCIDOS SOMENTES
POR NÓS MESMOS.

I IRONIA:
A ARTE DE
CONVERTI-LO
INFERNO NUN CONTO
DE INVERNO.

J SON
ORIENTAL.
ROTUNDADE
SUREÑA.

K KILOWATIOS POR
TERRA SULAGADA.

L LOITO: MANCHAS
NA PAISAXE, BOLAS
NEGRAS SOBRE O
TAPETE VERDE.

M O MISTERIO DA MÚSICA DOA MORTOS,
PERO O MIÑO VAÍ LEVANDO ESE
MISTERIO Ó MAR.

NORTE.
NOITE.
NÉBOA.
NEGRO:
MATERIA
POÉTICA
NACIONAL.

NH/
GN/ N

OESTE: "GALICIA ATENDE E OBEDECE Á CHAMADA DO OESTE" (R. OTERO PEDRAYO). TANTOS SÉCULOS DE OFENSAS E OLVIDO CREAN ANTICORPOS NO ORGANISMO DUN POBO, E ESA CONTINUA OFENSA DA HISTORIA VAI XENERAR NO ORGULLO DESTE POBO APACIBLE O DESTRUCTIVO OSIXENO DO ODIO, A OBSESIÓN DO FRACASO E DA CULPA.

POESÍA. PATRIA. PAIXÓN.
PERIGO DE EXTINCIÓN, PERDIDOS NA NOSA PROPIA PUREZA, DA NECESIDADE DE SER UN POBO. A NOSA INDIFFERENCIA ALIMENTARÁ O PROCESO DE AUTOXENOCIDIO QUE VIVIMOS. PAISAXES ESPALLADAS, ENFIADAS ENTRE OS PERFILES DO PASADO, COA PRESENCIA DUNHA VEXETAL SENSACIÓN DE ETERNIDADE. PAIXÓN E POSES "PUNK", REFREXOS POSTMODERNOS E ALTAS HORAS NOS PEIRAOIS URBANS DA NOITE.

QUÍMICA DA
DOR QUINTAESENCIA DO MEDO.
¿QUEN RI AI Ó MEU CARÓN?

RIO: O RUMOR DA VIDA,
A RELIXIÓN DAS AUGAS.
OS RISOS XORDEN SEMPRE ONDE REINA A CALMA, NO FONDO ACOUGO DE QUIEN CONECE O RISCO E O DOMINA.
RURAL: CORRE SANGUE RURAL POR ESTAS VEAS; E SE ALGUNHA VEZ A RAZÓN OPÓN RESISTENCIA, O GALEGO RECONÉCESE NA TERRA, NA LENTA VITALIDADE DA ARBRE, NA INVENCIBLE RESIGNACIÓN DA HERBA.

O SON DA
SOEDADE E DO SILENZO.
O SALVAXE SARCASMO DOS
SONOS DO PRESENTE, E A SILENTE
ATRACCIÓN POLO SUICIDIO: O SIL.
O MIÑO É O NOSO SANGUE,
E O SIL A SÚA SOMBRA.
SEREOS E SOMBRIOS,
FINALMENTE TRASCENDE
O SORRISO ASTUTO.

TERRA.
E O TEMPO,
O TRASTORNO
E AS SÚAS TEBRAS.
A TRADICIÓN DUNHA
TRISTE TENRURA.
A TERRA É O PRINCIPIO,
E TODO EXISTE NELA
E PARA ELA.

UTOPIA:
COMPAXINA-LO
DESEYO E A
NECESIDADE
NOS NOSOS
SONOS.

VACAS EN
VALES MOLLADOS,
E A FÉRREA
VONTADE DOS VELLAS
ENCADEADOS Á TERRA, CO
VICIO DO SEU FATALISMO
ESCEPTICO. VERDE. VERDE,
E MAÍS VERDE SOBRE
OUTROS VERDES,
E POR TRAS:
VERDE.

WHISKY:
NOITE URBANA.
¿GALICIA É
WAGNERIANA, OU
É MAÍS BEN UN
WOLFGANG AMADEUS
ENFERMO DE PAISAXE,
SONANDO CON
SIBELIUS?

25 DE XULLO.

FIN.

